

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL, NA SÚA MODALIDADE “B” (AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN) PARA O ANO 2007, PUBLICADAS POR RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO IGAEM DO 15 DE DECEMBRO DE 2006 (D.O.G. Nº 12, DO 17 DE XANEIRO DE 2007).

En Santiago de Compostela, na Sala de Xuntas do **IGAEM**, sendo as 09:00 horas do día 12 de abril de 2007, reúnense en segunda xuntanza sinalada no día de hoxe as persoas relacionadas seguidamente e que compoñen a Comisión de Valoración designada para a avaliación dos proxectos presentados para as axudas ao sector escénico e musical, na súa modalidade “**B**” (axudas á distribución), subtipos **B-1** e **B-2**, correspondentes ao ano 2007; estando presentes os seguintes membros:

PRESIDENTE: D. Miguel Angel Martín Fernández (Xerente do IGAEM)

VOGAIS: D. Xavier Campos López (Xefe do Gabinete Técnico do IGAEM)
D^a María Paredes Rodríguez (Coordinadora de actividades externas do IGAEM)
D^a. Marcelina Calvo Domínguez (Coordinadora de actividades internas do IGAEM)
D^a. Belén Tabernero Alejandro (Xefa do Servizo Administrativo do IGAEM)

TÉCNICO INVITADO: D. David Díaz González (Licenciado en C. Políticas do IGAEM)

SECRETARIA: D^a Paula Villasenín Parrado (Asesora do Departamento Xurídico do IGAEM)

Procédese en primeiro lugar a dar por aberta a sesión, e seguidamente dáse conta da relación de novas solicitudes á modalidade **B-1 (Axudas á distribución exterior de espectáculos de artes escénicas)** que entraron no rexistro do IGAEM dende a última reunión mantida pola Comisión de Valoración, poñéndose de manifesto que as instancias que presentaron a documentación e tiveron entrada ate o día de hoxe nas dependencias do IGAEM para participar na citada convocatoria comprenden, segundo consta na certificación rexistral aportada polo encargado do Rexistro do IGAEM, un total de CINCOENTA E SEIS (56), resultando as seguintes:

B.1.- Axudas á distribución exterior de espectáculos de artes escénicas:

- 1.- TEATRO BURATINI (PABLO SUÁREZ MÉNDEZ) nº de entrada 806
- 2.- TEATRO BURATINI (PABLO SUÁREZ MÉNDEZ) nº de entrada 1140
- 3.- COMPAÑÍA TEATRAL NOVE-DOUS, S.L. -nº de entrada 892-
- 4.- Títeres “TROMPICALLO, S.C.” -nº de entrada 821-
- 5.- NORDESÍA PRODUCCIONES, S.L. -nº de entrada 1175-

Compróbase que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas de correos e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, dentro do prazo establecido nas bases, enviándose por medio de fax -ou por outro medio notorio que permitira ter constancia fidedigna da remisión da documentación presentada dentro do prazo límite de presentación- as instancias debidamente cumprimentadas (o prazo final de presentación das instancias para as modalidades **B-1** e **B-2** aínda está aberto, segundo o previsto no apartado 7º do Capítulo VI da convocatoria); polo que todas elas quedarían admitidas, nun primeiro momento, na presente convocatoria.

Acto seguido, e tras un exame inicial da documentación aportada polas compañías participantes, acórdase **EXCLUÍR** á entidade **“NORDESÍA PRODUCCIONES, S.L.”** (para a modalidade **B-1**), xa que non cumpren cun dos requisitos esenciais e necesarios esixido nas bases da Convocatoria, concretamente no punto 2º do Capítulo VI, apartado a), en relación cos requisitos específicos que deben cumprir os beneficiarios das modalidades **B-1** (*axudas á distribución exterior de espectáculos de artes escénicas*), ao establecerse que serán beneficiarios desta modalidade de axudas:

*“b) Modalidade B.1. -Axudas á distribución exterior de espectáculos de artes escénicas-: Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de **producción e distribución de espectáculos de artes escénicas**, con domicilio ou sede social na Comunidade Autónoma de Galicia (...)”*

No presente caso e trala lectura pormenorizada da documentación achegada polo solicitante a esta modalidade, dedúcese que incumpre o requisito principal do obxecto da actividade, xa que dun exame detallado da documentación xeral achegada polas mesmas, compróbase que pretende presentarse a unha modalidade de axudas errónea, ao solicitar axuda á distribución de artes escénicas para un espectáculo musical, é dicir, unha xira do gaiteiro Xosé M. Budiño polo Oriente Medio; suposto que non se atopa subsumido dentro dos tipos habituais da modalidade **B-1**; polo que cómpre concluír que, por unanimidade dos membros da comisión, procede acordar o rexeitamento da súa solicitude e a súa exclusión das axudas por non cumprir co punto 2º.a) do Capítulo VI das presentes bases.

A continuación procédese a iniciar a revisión da documentación achegada polas persoas participantes nas devanditas modalidades, correspondente á documentación administrativa requirida na Base Sexta, así como a documentación específica consignada no epígrafe 5º do Capítulo VI da convocatoria de axudas ao sector escénico e musical para o presente ano, polo que (á vista da falta de documentación xeral e específica da que adoecen as persoas aspirantes nas tres modalidades), respecto das compañías solicitantes que si cumpren inicialmente cos requisitos necesarios para optar ás axudas obxecto da presente convocatoria, pero que presentaron a documentación incompleta e que sexa susceptible de subsanación, acórdase que por parte dos servizos administrativos do **IGAEM** e por delegación expresa do seu xerente -de conformidade coa Base 7.1 da convocatoria de axudas públicas-, se proceda a requirirrlles para que presenten a documentación que reste, concédéselles un tempo para a súa aportación; esta documentación deberá ser entregada neste Organismo Autónomo no prazo improrrogábel de dez días hábiles, contados a partires do día da notificación do dito requirimento, baixo prexuízo de resultar excluídas desta convocatoria e entenderse que decaen do seu dereito á reclamación de axudas, no caso de non presentalos ou non achegalos no dito prazo.

Aquelas compañías que non cumpriran cos requisitos necesarios para optar ás axudas obxecto da convocatoria (e así quedase suficientemente acreditado coa aportación da documentación - xeral ou específica- achegada coa solicitude de participación detallada no *Anexo I* da convocatoria de axudas), non terán dereito ao dito prazo de 10 días hábiles para achegar documentación complementaria, quedando excluídos os ditos aspirantes.

Con relación a este punto, procédese a comprobar e iniciar a revisión da documentación presentada polas entidades aspirantes á presente convocatoria de axudas, xa requiridas da anterior xuntanza desta Comisión de Valoración, correspondente á documentación complementaria requirida ás compañías aspirantes á modalidade ***B-1*** dentro do prazo de dez días hábiles, segundo o establecido na Base 7.1.; deducíndose e observándose respecto deste punto que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, salvo as empresas solicitantes ***“WONDERLAND, S.C.”*** e ***“AKARON FILMS, S.L.”*** tendo finalizado o prazo do requirimento o día 31 de marzo de 2007, non se aportou por ningunha das dúas compañías a documentación preceptiva requirida; igualmente, a persoa aspirante ***MIGUEL ALEJANDRO LÓPEZ SEOANE*** non presentou a documentación requirida, pero si un escrito instando a RENUNCIA a todas as modalidades de axudas ás que se presentara a priori, coa excepción da modalidade ***B-1*** (para a cal presenta nova solicitude de inscrición a este tipo de subvencións, con data do 13 de abril de 2007 e número de entrada no Rexistro 1168; polo que acórdase aceptar dita renuncia e proceder a que as restantes instancias pasen á segunda fase de baremación dos proxectos, agás ás presentadas por ***“WONDERLAND, S.C.”*** e ***“AKARON FILMS, S.L.”***, por non ter presentado no prazo establecido regulamentariamente a documentación requirida, e en cumprimento da Cláusula SÉTIMA, epígrafe 1.2º das presentes bases.

Con respecto ás solicitudes de axudas presentadas para a modalidade ***B-2 (Axudas para a asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical)***, compróbase que -da revisión da documentación achegada polas entidades aspirantes a esta modalidade de axudas-, todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, salvo a solicitante ***“CARTAFOL EDITORES, S.L.”***, tendo presentado parte da documentación requirida no requirimento do pasado 19 de marzo de 2007, non se aportou o Certificado de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE), no epígrafe ou subepígrafe correspondente; aportando a este efecto unha declaración do administrador da entidade solicitante no que se acredita que esta atópase EXENTA das declaracións e pagamentos correspondentes por este imposto, pero non acreditando o extremo de estar dado simplemente de alta e inscrito no epígrafe que lle correspondería por razón da materia ou obxecto social da empresa; polo que acórdase, por unanimidade dos membros da comisión, a súa EXCLUSIÓN por non presentar toda a documentación requirida na forma debida.

Finalmente, e con relación á persoa aspirante ***MIGUEL ALEJANDRO LÓPEZ SEOANE***, presentou un escrito instando a RENUNCIA a todas as modalidades de axudas ás que se presentara a priori, coa excepción da modalidade ***B-1***; polo que acórdase aceptar dita renuncia e proceder á súa exclusión desta modalidade de axudas, acordando así mesmo que as restantes instancias pasen á segunda fase de baremación dos proxectos, agás á presentada por ***“CARTAFOL EDITORES, S.L.”***, por non ter presentado no prazo establecido regulamentariamente a documentación requirida, e en cumprimento da Base SÉTIMA, epígrafe 1.2º desta convocatoria de axudas e subvencións.

Acto seguido, procédese a iniciar a avaliación e baremación dos proxectos presentados polas compañías e empresas aspirantes, con base na documentación achegada por cada un deles e á espera de que esta sexa completada nos supostos que sexan precisos; e resultando da avaliación inicialmente efectuada (respecto dos proxectos e solicitudes presentados para as modalidades **B-1** e **B-2**), o seguinte informe de adxudicación provisional de axudas, emitido pola Comisión de Valoración consonte co establecido nas cláusulas 7ª apartado 3 e 8ª apartado 4, así como no epígrafe 4º.a) do Capítulo VI da convocatoria, xúntase á presente acta no cadro relacionado como **ANEXO I**, que se achega como parte inseparábel dela, e elevándose ao órgano instrutor para que, á súa vez, emita a proposta de resolución ao Consello Reitor do **IGAEM**.

E sendo as 12:00 horas do día 12 de abril de 2007, e non tendo máis que valorar e non habendo outras incidencias, procédese a dar por rematada a presente xuntanza, levantándose e asinándose esta acta, en representación dos restantes membros, polo Presidente e a Secretaria da Comisión de Valoración para constancia de canto antecede e en proba de conformidade co seu contido.

O Presidente da Comisión
Asdo.: Miguel Martín Fernández
Parrado

A Secretaria da Comisión
Asdo.: Paula Villasenín

ANEXO I

INFORME DA COMISIÓN DE VALORACIÓN AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN

(Valoración dada ás instancias presentadas para esta modalidade, consonte cos criterios previstos no apartado 4º do Capítulo VI da convocatoria de axudas do **IGAEM** ao sector escénico e musical):

1.- Modalidade B-1 (Axudas para a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	CONTÍA SO-LICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	OBXECTO DISTRIBUC.
PISANDO OVOS, S.C.	132	1.700 €	1.050 €	"Sala Ítaca" e "La Nave de Cambaleo" (Madrid)
TEATRO BURATINI (Pablo Suárez M.)	139	336,87 €	216,87 €	Xira en Asturias.I
TEATRO BURATINI (Pablo Suárez M.)	806	2.355 €	1.900 €	Fest. Internacional de Cali (Colombia)
TEATRO BURATINI (Pablo Suárez M.)	1140	218,06 €	128,06 €	Xira en Asturias.II
TEATRO DO ANDAMIO, S.L.	151	3.230 €	2.330 €	Xira a Madrid en feb.
Títeres TROMPICALLO, S.C.	153	3.363 €	2.289,60 €	Espectáculo "Nadarín"
Títeres TROMPICALLO, S.C.	821	1.433 €	900 €	Actuacións en Euskadi
TEATRO ALLA SCALA 1.5, S.L.	247	8.796,56 €	6.576,56 €	Xira espec. "De Fábula"
MATARILE TEATRO, S.L.	272	19.290 €	3.700 €	Espectáculo "Hª Natural"
TRINTAETRÉS, S.C. (Compañía NOVA GALEGA DE DANZA)	300	5.962,33 €	2.402,33 €	Asist. Festival Danza "ESCENA" (Navarra)
CULTURACTIVA, S. COOP. GALEGA	400	2.280 €	1.972 €	"Magiclown-2007" e "Fira Mágica-2007"
KUKAS PRODUCC. ARTÍSTICAS, S.L.	406	1.206 €	846 €	Xornadas de T. Infantil en Extremadura
TEATRO ENSALLE, S.L.L.	513	2.070 €	350 €	Sala "Triángulo"
TEATRO ENSALLE, S.L.L.	513.1	12.000 €	3.400 €	Fest. Iberoamericano en Mar de la Plata
MIGUEL A. LÓPEZ SEOANE*	491	0	0 €	RENUNCIA
AKARON FILMS, S.L.**	506	50.000 €	0 €	
WONDERLAND, S.C. **	595	736,74 €	0 €	
NORDESÍA PRODUCCIONES, S.L.***	1175	4.200 €	0 €	
CÍA. TEATRAL NOVE-DOUS, S.L.	892	1.352 €	680 €	Festival "Las 3 Noches de Lastres" (Asturias)

* RENUNCIA: Presentou un escrito de RENUNCIA a todas as modalidades de axuda ás que solicitara, e presentou posteriormente unha solicitude de axudas á modalidade "B-1", co núm. de entrada no rexistro 1168, que está pendente de resolver.

** EXCLUÍDOS por incumprimento dos requisitos xerais previstos na convocatoria de axudas, Base 7ª, epígrafe 1.2º, do Capítulo III (non presentar a documentación preceptiva reclamada dentro do prazo estipulado no requirimento).

*** EXCLUÍDO por incumprimento dos requisitos específicos da modalidade *B-1*, recollido no punto 2º.a) do capítulo VI (non tratarse dunha persoa física ou xurídica distribuidora de espectáculos de artes escénicas).

2.- Modalidade B-2 (Axudas para a asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	CONTÍA SO-LICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	OBXECTO DISTRIBUC.
ZOUMA PRODUCCIONES, S.L.	361	3.591,10 €	1.507,17 €	Asist. á Feira musical "MIDEM" (Cannes)
LA FÁBRICA DE CHOCOLATE, PRODUCCIONES MUSICALES, S.L.	411	3.998,70 €	1.951,65 €	Asist. á Feira musical "MIDEM" (Cannes)
ABADA XESTIÓN CULTURAL, S.L.	503	2.031,38 €	2.031,38 €	Embaixada "ESPIDO": Aos catro ventos
ABADA XESTIÓN CULTURAL, S.L.	503	464,18 €	464,18 €	Asist. á Feira musical "MIDEM" (Cannes)
NORDESÍA PRODUCCIÓN, S.L.	516	2.426,35 €	1.455,81 €	Asist. á Feira musical "MIDEM" (Cannes)
FALCATRUADA IMAXE E M., S.L.L.	556	524,22 €	524,22 €	Asist. á Feira musical "MIDEM" (Cannes)
SONS GALIZA COMUNICACIÓN, S.L.	601	2.970,03 €	1.454,77 €	Asist. á Feira musical "MIDEM" (Cannes)
OUVIRMOS, S.L.	628	1.058,87 €	635,32 €	Asist. á Feira musical "MIDEM" (Cannes)
MIGUEL A. LÓPEZ SEOANE*	491	0	0 €	RENUNCIA
CARTAFOL EDITORES, S.L.**	517	1.505,43 €	0 €	
WONDERLAND, S.C. ***	593	736,74 €	0 €	

* RENUNCIA: Presentou un escrito de RENUNCIA a todas as modalidades de axuda ás que solicitara, presentando posteriormente unha solicitude de axudas á modalidade *"B-1"*, co núm. de entrada no rexistro *1168*, que está pendente de resolver.

** EXCLUÍDO por incumprimento dos requisitos xerais previstos na convocatoria de axudas, Base 7ª, epígrafe 1.2ª, do Capítulo III (non presentar TODA a documentación preceptiva reclamada dentro do prazo estipulado no requirimento).

*** EXCLUÍDO por incumprimento dos requisitos específicos da modalidade *B-2*, recollido no punto 2º.b) do capítulo VI (non figurar como sociedade mercantil adicada á actividade de produción e distribución de espectáculos musicais).